

Aurelio Aguirre, da admiración ao esquecemento

Aurelio Aguirre (1833 - 1858) podería ser unha perfecta encarnación da máxima latina “Sic transit gloria mundi”.

Tanto na súa condición de escritor como nas súas actividades políticas Aguirre foi no seu tempo a figura máis famosa e popular de Galicia. Alfredo Vicenti¹ deixounos en *La Ilustración Gallega y Asturiana* testemuño da súa sona:

Aurelio, así era chamado por Antonomasia no sólo en su ciudad natal sino en Galicia entera (...) No ha habido ni volverá a haber en nuestra tierra –madre fría y áspera– poeta tan popular y querido. Su talento había penetrado, no sabemos cómo, en las capas sociales inferiores, que ordinariamente no aprovechan ni oyen la voz de la musa, hasta tal extremo que recitaban sus versos de memoria obreros y artesanos².

Murguía deixou tamén testemuño do fervor que espertaba Aurelio Aguirre. No libro *Los precursores* inicia a súa semblanza con palabras moi semellantes ás de Vicenti:

Si alguna vez en esta tierra que hemos convenido en llamar del buen sentido, fue amado un hijo de Apolo, Aguirre fue ese mortal afortunado; si alguna vez los versos de un poeta fueron escuchados con amor bajo el cielo que se ha convenido también en decir que es poco amigo de las musas, los suyos fueron los primeros y los últimos!³

Esas palabras traen á nosa memoria a figura de Rosalía, que chegou a esa situación de poeta do pobo moitos anos despois da súa morte. O sorprendente é que Aguirre, morto aos vinte-cinco, alcanzase tal popularidade. Coido que a superior calidade literaria da escritora explica a súa pervivencia, mentres que a razón do éxito popular de Aguirre haberá que buscala na clase de poesía que cultivaba, moi influída no estilo e na temática por Zorrilla e Espronceda. E a iso hai que engadir o seu atractivo persoal.

Aguirre respondía ao tipo físico do poeta romántico: Vicenti di que era “pequeño, endeble, pálido, de sienes y ojos hundidos, descuidado en el traje”. Vestía habitualmente unha esclavina azul, que chegou a formar parte da súa estampa de poeta bohemio. Vicenti completa o retrato cunha “nublada frente” e uns ollos “dormidos, que iluminaban con claridad de luna el flaco y descolorido semblante”.

Murguía, amigo e correlixionario nos ideais políticos, destaca a escasa estatura. Sorprenden esas palabras en quen foi caricaturizado por Castela con talla de anano :

Era Aguirre hombre de más que corta estatura, ojos azules, mirada triste, labio desdeñoso, frente despejada, palabra fácil y elocuente, corazón impresionable, alma de inspirado; era, en fin, uno de esos vasos de elección dentro de los cuales arde –siempre por poco tiempo– la llama sagrada. (p. 44)

Vicenti conta anécdotas que demostran a xenerosidade e o bo corazón de Aguirre: coidou dun amigo tuberculoso, vendendo mesmo roupas e libros para proporcionarlle comodidades, rexenerou a unha prostituta coa que da a entender Vicenti que conviviu algún tempo. Todo isto e os poemas que tales experiencias lle inspiraron convertérono no poeta dos pobres, das pecadoras e dos tristes.

Murguía é máis duro neste aspecto. A Espronceda chamáronlle o Byron español, e a Aguirre o Espronceda galego; cada vez o grado de cosmopolitismo descende, e Murguía encárgase de subliñalo:

Por su desgracia pertenecía a aquel grupo de genios descontentadizos y huraños que en sus veinte primaveras, y sin haber visto más campos que los que rodean su ciudad natal, creen conocer mundo, haber sufrido grandes desengaños y gustado todas las hieles de la vida. (p. 44)

Tanto Murguía como Vicenti critican a súa poesía. O primeiro atribúe os defectos non á falta de talento, senón de lima. Os seus poemas corrían de boca en boca, e “apenas seca la tinta con que se habían escrito, se daban a la prensa, sin mediar entre la apresurada producción y su publicación el tiempo necesario para corregir las pruebas” (p. 58). Faltoulle a quietude e a soidade que deben acompañar á creación literaria. Despois a morte impediulle volver sobre aquelas composicións.

Vicenti, aínda que destaca algúns poemas, considera nefasta a influencia de Espronceda e Zorrilla e considera a Aguirre responsable do retraso poético de Galicia: “ Detuvo nuestra evolución literaria, legándonos un gusto anacrónico, del cual ni aún hoy se puede afirmar que nos veamos enteramente libres”.

Murguía destaca a súa innata capacidade de liderado: "Habla-
ba y se le escuchaba como a un oráculo; mandaba y se le obedecía" (p. 50). Ese don puido facer del un líder político, pero o seu idealismo apartouno desa opción: "Él no era lo que se dice un líder político, sino un alma generosa y entusiasta, desprendida de todas las ambiciones de la tierra" (p. 51).

Como foron as relacións entre Aguirre e Rosalía de Castro? Hoxe está probado que Rosalía frecuentou o "Liceo de San Agustín". Vicenti da a nómina dos poetas que se reunían no Liceo, pero non a das mulleres, para non descubrir a idade das que seguían vivas cando el escribiu. Aparecen entre moitos os nomes de Murguía e Aguirre. Por outra parte, Luis Rodríguez Seoane, entón estudante de Medicina en Santiago, nun artigo escrito con

"Ese llanto me revela
que aún en tu pecho hay guardadas
cenizas mal apagadas
del fuego de la virtud" (Episodios de mi vida)

"Del vicio a los umbrales
riguroso te trajo tu destino" (A una huérfana)

Non val a pena deterse en algo evidente. Esa muller seguramente é a prostituta con quen se relacionou Aguirre e á que axudou a saír da súa penosa situación.

Parece claro que o poeta non sentía nin amor nin atracción física cara a Rosalía e que nin sequera lle parecía fermosa. No so-



motivo da morte de Rosalía⁴ acredita a presenza no Liceo da escritora. Partindo de aquí, Fermín Bouza Brey levou a cabo unha coidadosa investigación⁵ que demostra que Rosalía coñeceu, no Liceo tanto ao que despois foi os seu marido como ao poeta a quen dedica uns versos na súa coroa fúnebre. Neste artigo Bouza Brey rexeita a teoría de Alberto Machado da Rosa de que Rosalía era a destinataria dos poemas amorosos de Aurelio Aguirre⁶.

As interpretacións de Machado da Rosa son disparatadas, e con razón Bouza Brey arremete contra elas. Algúns dos versos de Aguirre falan dunha muller afundida no vicio pero na que aínda fican restos de virtude, condición que de ningunha maneira se pode atribuír a Rosalía:

neto que lle dedica eloxia o seu talento, exhórtaa a perseverar no camiño da arte e dille que "la hermosura no es más que una quimera". Carballo Calero fixo ao respecto un atinado e gracioso comentario, dicindo do soneto que "non peca de galante"⁷:

La hermosura no es más que una quimera.
¡Página en blanco de la humana historia!
Sigue con fe del arte la carrera,

Que es muy grato dejar una memoria
que acredite á la gente venidera,
intachable virtud, mérito y gloria.⁸

O feito de ser unha “Improvisación” desculpa a falta de galantería e é reveladora de que Aguirre estimaba máis o talento artístico de Rosalía que os seus atractivos físicos. E que sentía por el Rosalía? Non sería estraño que unha rapaza nova, de quince ou dezaseis anos como tiña entón a poetisa, se namorara platonicamente daquela viva estampa de poeta romántico, de radiantes ollos azuis, guapo e de apaixonada elocuencia. Os únicos versos que Rosalía lle dedicou son os que se publicaron na súa coroa fúnebre. Neles a escritora, casada xa daquela con Murguía, non alude ao talento ou á actividade política do malogrado poeta. Fala del como dun ser querido a quen a unen moitas lembranzas. Di que a flor que pon na súa coroa é unha “lágrima triste en mi dolor vertida”; que o tempo murcha as flores e os loureiros, pero que o seu planto non se secará. E remata con estes versos:

“Y es manantial fecundo el llanto mío
para verter sobre un sepulcro amado
de mil recuerdos caudaloso río”⁹

Só ese adxectivo “amado” pode levarnos a pensar que non son só sentimentos amigables os que evocan esas mil lembranzas. En definitiva, un elemento máis para alimentar a lenda de Aguirre, sumando un posible amor platónico á nómina de mulleres que o amaron.

Bouza Brey enumera tres mulleres¹⁰ que inspiraron versos ao poeta: a que aparece neles co nome de María, que posiblemente sexa a prostituta á que arrincou do prostíbulo; Efigenia, da que nada se sabe, e Felisa Taboada, con quen mantiña relacións cando morreu.

Aurelio Aguirre publicou os seus versos por iniciativa dos amigos, en abril de 1858, cando cumpría vintecinco anos, co título de *Ensayos poéticos*. Tres meses máis tarde, morría afogado na praia de San Amaro en A Coruña, cando volvía de ver a Felisa. O feito de que soubera nadar alimentou o rumor de que fora un suicidio. Os testemuños dos amigos e a circunstancia de estar nun intre feliz da súa existencia, namorado e correspondido, desmínteno, pero a lenda seguiu a medrar.

Aguirre deixou constancia da súa felicidade no poema “Amor”, onde vai repetindo, a modo de estribillo, que se a súa namorada vive para amalo, el ámaa para vivir. Este poema, excepcional na lírica romántica na que só se cantan os amores desgraciados, perdidos ou imposibles, é proba de que Aguirre puido ser un poeta orixinal, superada a etapa esproncediana. Pode que a sona de que gozou en vida fose excesiva para a calidade da obra, pero tamén é certo que hoxe é inxusto o esquecemento que cobre, a súa figura. G

Marina Mayoral é novelista e profesora da Universidade Complutense.

¹ Alfredo Vicenti (1850- 1916), poeta e periodista, director de *El Globo*, considerado un dos mestres do periodismo español.

² Cito por José Antonio Durán, *Galiciana básica de Alfredo Vicenti, Poesía e Prosa 1868- 1916*, Pontevedra, Deputación de A Coruña / Taller de edicións de J.M. Durán, 2001, p. 34. O número das paxinas citadas deste libro van no texto entre paréntese.

³ Manuel Murguía, ed. Facsímil de *Los precursores*, Latorre y Martínez editores, Imprenta de La Voz de Galicia, 1886, La Coruña, p.43. O resto das paxinas citadas deste libro van no texto entre paréntese.

⁴ O artigo, asinado só coas letras L R S, publicado o 17 de xullo de 1885 en *La Gaceta de Galicia* foi identificado por Bouza Brey como pertencente a Luís Rodríguez Seoane.

⁵ Fermín Bouza Brey, “La joven Rosalía en Compostela (1852- 1856)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos XXXI*, 1955.

⁶ Alberto Machado da Rosa, “Rosalía de Castro, poeta incomprendido”, *Revista Hispánica Moderna*, año XX, xullo 1954, nº 3.

⁷ Ricardo Carballo Calero, *Historia da Literatura Galega (1808-1936)*, Galaxia, Vigo, 1963, p.151.

⁸ Aurelio Aguirre, *Poesías Selectas*, Biblioteca Galega, La Coruña., 1901, p.153. Edición facsímil publicada por *La Voz de Galicia*, prólogo de Marina Mayoral.

⁹ Rosalía de Castro *Obras Completas II*, Biblioteca Castro, Editorial Turner, Madrid, 1993, p.557. Edición y estudio introductorio de Marina Mayoral.

¹⁰ Véxase o artigo citado “La joven Rosalía..” páxs. 236-248.